



CIRCULAR 1-2025.

CONTROL FGA PC- 11/1/2025 (Xornada de mañá)

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 11 de xaneiro de 2025 en Expourense (Ourense).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 10.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.
- Nos concursos terán reservado un 50% de prazas aqueles atletas sen marca nas tempadas 2024. (de ser aceptados nunha proba non terán preferencia na segunda proba, debendo indicar no campo "observaciones" en que proba desexan participar primeiro (1,2,...)

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 5 de xaneiro 2025.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) Na proba de lonxitude e peso os atletas terán 4 intentos.
No salto de altura os atletas terán 7 intentos como máximo.(de facer tres nulos consecutivos non poderán seguir saltando)
Cadencias de altura de Homes e Mulleres.
1,31-1,36-1,41-1,46-1,51 5/5

Art.6) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Carreiras con valos	7'
Concursos	20'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.7) Horario: (poderase modificar en función das inscricións)

HORARIO CONTROL 11/1/2025- XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE	Altura	Peso	Lonxitude
10:00	500	Sub 10-12-14 Homes		HOMES	MULLERES C
10:14	500	Sub 10-12-14 Mulleres			
10:28	1500	HOMES Abs			
10:42	1500	MULLERES Abs			
10:56	600	Sub 16 HOMES			
11:05				MULLERES	HOMES
11:20	600	Sub 16 MULLERES			
11:44	400	HOMES Abs			
12:08	400	MULLERES	H-M		MULLERES B
12:32	200	HOMES Aba			
12:56	200	MULLERES Abs			
13:10					
13:20	60	HOMES Abs			MULERES A
13:40	60	MULLERES Abs			

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA servizos@atletismo.gal ata 48 horas despois da finalización da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia da dirección técnica, podendo ser esta denegada. servizos@atletismo.gal

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 1 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo